



NOTA DE PRENSA

Agroamb, gañadora do Premio Europeo do Medio Ambiente á Empresa (EBAE) na categoría Proceso para o desenvolvemento sostible

- A empresa luguesa obtivo o galardón dentro da sección española dos premios que outorga a Comisión Europea a aquelas iniciativas que mellor concilian a viabilidade económica dos seus proxectos coa protección do medio ambiente
- O CEO da compañía, Severiano Ónega Ares, recoñecía tras a cerimonia presidida por SM o Rei Felipe VI, que “este tipo de distincións supoñen un enorme impulso para seguir soñando con cambiar o mundo dende a Terra Chá”
- As boas prácticas do grupo, con sede en Castro de Rei, xa lle permitiron acadar recoñecementos nos Premios EMAS, Pyme, Somos Paisaxe e Aresa

Lugo, 28 de outubro de 2020. A empresa luguesa Agroamb obtivo hoxe o Premio Europeo do Medio Ambiente á Empresa na categoría Proceso para o desenvolvemento sostible. A firma, radicada en Castro de Rei, fíxose con esta distinción, que outorga a Fundación Biodiversidade, na sección española dos galardóns que concede a Comisión Europea. O certame subliña o valor de aquelas compañías que combinan con éxito a viabilidade económica dos seus proxectos coa protección do medio ambiente.

O CEO de Agroamb, Severiano Ónega Ares, recolleu o premio nunha cerimonia presidida por SM o Rei Felipe VI e a Ministra para a Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, Teresa Ribera hoxe en Madrid. Unha vez finalizada a entrega, o responsable da compañía recoñecía que “este tipo de distincións supoñen un enorme impulso para seguir soñando con cambiar o mundo dende a Terra Chá”. O xurado dos Premios EBAE puxo en valor o proceso de valorización de residuos agroalimentarios que leva a cabo Agroamb para transformalos en fertilizantes organominerais de uso agrícola e forestal.

A sección española dos Premios EBAE, que coordina a Fundación Biodiversidade do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, recibiu un total de 115 candidaturas procedentes de 16 Comunidades Autónomas, das que o xurado

comunicacion@agroamb.com · 671 688 298

Calzada das Gándaras 11 · Lugo · 27003 · 982 23 13 65

www.agroamb.com



seleccionou as 10 iniciativas gañadoras e as 15 merecedoras dun accésit nas cinco diferentes categorías: Xestión, Produto/Servizo, Proceso, Cooperación empresarial internacional e Empresa e Biodiversidade. Á vez cada categoría estaba dividida nun galardón para Grandes Empresas e noutro para Pequenas e Micro Empresas.

O pasado mes de agosto Agroamb coñeceu que ía representar a España, xunto a outros 11 proxectos, na edición europea deste certame no que finalmente acadou a condición de finalista.

Premios EBAE

Os Premios EBAE (siglas en inglés de Premios Europeos do Medio Ambiente á Empresa) convócanse dende 1987 por parte da Comisión Europea e recoñecen a aquelas empresas que se sitúan á vangarda da ecoinnovación, ou que respectan o medio ambiente nos seus principios comerciais. Os galardóns celébranse cada dous anos e distinguen as mellores candidaturas en cinco categorías: Xestión, Produto e Servizos, Innovación de Procesos, Cooperación cos Países en Desenvolvemento e Negocios e Biodiversidade.

Para poderen optar ao galardón europeo, as candidaturas deben obter o recoñecemento primeiro nas seccións nacionais, como foi o caso de Agroamb. Os representantes seleccionados por España enfrontaranse nas cinco categorías principais aos gañadores do resto dos países participantes: Alemaña, Bélxica, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Grecia, Hungría, Irlanda, Luxemburgo, Malta e Países Baixos.

Recoñecemento ás boas prácticas

Este nomeamento non é o primeiro a nivel europeo que recoñece as boas prácticas en materia medioambiental e de sostibilidade do grupo con sede no concello lugués de Castro de Rei.

De feito, hai só medio ano, Agroamb xa se consolidara como unha referencia internacional nos Premios EMAS, que tamén concede a Comisión Europea, nos que fora finalista na categoría de pequena empresa privada. Este galardón premia as mellores prácticas daquelas empresas que contan coa certificación EMAS, que outorga este órgano europeo de acordo coa súa regulamentación propia en relación aos Sistemas de Xestión Ambiental.

Previamente, o modelo da empresa con corazón na Terra Chá fora recoñecido a nivel nacional e autonómico con distincións como o XIII Premio Pyme, na categoría de medio ambiente; o XVI Premio Aresa de desenvolvemento rural; ou cunha mención especial nos Premios Somos Paisaxe.

Sobre Agroamb Prodalt

Agroamb Prodalt está especializada na valorización de residuos orgánicos do tecido industrial galego para o sector agrícola e confórmase a través dunha estrutura empresarial que permiten pechar o ciclo da produción agrícola, a prestación de servizos

comunicacion@agroamb.com · 671 688 298

Calzada das Gándaras 11 · Lugo · 27003 · 982 23 13 65

www.agroamb.com



agrícolas e de transporte, coa achega engadida da valorización de restos orgánicos biodegradables como fertilizante de uso agrícola.

Este grupo, que ten no seu ADN a consideración de iniciativa de emprego local, dá traballo a preto de medio cento de persoas da contorna, aos que cómpre engadir outras 150 persoas de maneira indirecta en actividades complementarias á agraria. Ademais de prestar servizo a máis de 100 empresas e comunidades, ten un firme compromiso co desenvolvemento de proxectos de I+D+i en diversas universidades e centros de coñecemento.

comunicacion@agroamb.com · 671 688 298

Calzada das Gándaras 11 · Lugo · 27003 · 982 23 13 65

www.agroamb.com